



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 24 DE ABRIL DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a aprobación da resolución de concesión directa das axudas dos programas do bono de alugueiro social e bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero correspondentes ao mes de maio de 2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada "Reforma e ampliación do Hospital Gran Montecelo", clave: PO/19/176.30, por importe de cento catorce millóns seiscientos cincuenta e un mil douscentos corenta e nove euros con oitenta e un céntimos (114.651.249,81€) e un valor estimado de noventa e catro millóns setecentos cincuenta e tres mil noventa e nove euros con dous céntimos (94.753.099,02€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo do Consello da Xunta para a distribución de máscaras cirúrxicas entre os pensionistas con rendas inferiores a 18.000 euros ao ano e perceptores de rendas mínimas de inserción, parados sen prestación de desemprego, etc.



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) para a concesión de subvencións para o financiamento das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia da federación FADEMGA Plena Inclusión Galicia no ano 2020. Importe: dous millóns catrocentos sesenta e oito mil oitocentos catorce euros (2.468.814,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para a concesión de subvencións para o financiamento das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia da confederación COGAMI no ano 2020. Importe: Un millón trescentos dezaoito mil cento cincuenta e sete euros (1.318.157,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación para o exercicio 2020. Importe: setecentos cincuenta e nove mil oitocentos vinte e seis euros (759.826,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación DOWN GALICIA, para a concesión de subvencións para o financiamento das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia da federación DOWN GALICIA no ano 2020. Importe: seiscentos noventa mil seiscentos oitenta e oito euros (690.688,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Entidades e Organizacións protectoras de persoas con autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (AUTISMO GALICIA), para a concesión de subvencións para o financiamento das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia da federación AUTISMO GALICIA no ano 2020. Importe: seiscentos setenta e cinco mil douscentos dez euros (675.210,00€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a consellería de política social e a Federación Galega de Asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia (FEAFES GALICIA), para a concesión de subvencións para o financiamento das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia da Federación FEAFES GALICIA no ano 2020. Importe: seiscentos trinta e cinco mil setecentos trinta e seis euros (635.736,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns (ASPACE GALICIA), para a concesión de subvencións para o financiamento das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia da Federación ASPACE GALICIA no ano 2020. Importe: Cincocentos trinta e oito mil douscentos cincuenta e sete euros (538.257,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE), para a concesión de subvencións para o financiamento das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia da Federación FEGADACE no ano 2020. Importe: trescentos oitenta e nove mil seiscentos noventa e oito euros (389.698,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de



país, profesionais e amigos das persoas con discapacidade intelectual (SPECIAL OLYMPICS GALICIA), para o mantemento e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, ocio, formativas e de promoción do voluntariado para o exercicio 2020. Importe: cento noventa e nove mil catrocentos corenta e tres euros (199.443,00€).

- Acordo polo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (FAGAL), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de Alzheimer residentes en Galicia e mantemento da federación para o exercicio 2020. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Paraplégicos e Grandes Minusválidos de Galicia (ASPAYM Galicia), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2020. Importe: corenta e cinco mil cento corenta e dous euros (45.142,00€).
- Acordo polo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de enfermidades raras e crónicas (FEGEREC), para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e do mantemento da federación para o exercicio 2020. Importe: vinte e tres mil trescentos dez euros (23.310,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias para o exercicio 2020. Importe: Trescentos corenta e seis mil cincocentos euros (346.500,00€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a situación das convocatorias de subvencións e convenios promovidos pola Xunta de Galicia en 2020.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe relativo á dotación de equipamento para a comunicación entre os residentes e as familias, así como de apoio á teleformación nos centros residenciais de servizos sociais (como residencias de maiores, de persoas con discapacidade ou centros de menores).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o levantamento da suspensión da tramitación de procedementos administrativos en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o anticipo de crédito aos traballadores afectados polos Ertes autorizados e que aínda non recibiron as prestacións por parte do Goberno.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta de Galicia polo trámite de emerxencia do expediente de contratación de ampliación da subministración correspondente ao Plan de dotación de equipamento para afrontar o COVID-19: URPA/ Despertar, CMA e ampliacións de REA, que inclúe ventiladores volumétricos, equipos de ventilación no invasiva (BIPAPS), ecógrafos, mesas con atril, monitores de pulsioximetría e presión arterial así como somieres articulados eléctricos, colchóns hospitalarios e almofadas, por importe de novecentos trinta e un mil trescentos dezaioito euros con noventa céntimos (931.318,90 €).
- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes e test de detección de virus, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe de dous millóns novecentos oitenta e un mil setecentos sesenta e un euros con trinta e tres céntimos (2.981.761,33 €).

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE PERMITIRÁ SIMPLIFICAR E AXILIZAR OS MÁIS DE 100.000 APROVEITAMENTOS FORESTAIS QUE SE FAN CADA ANO EN GALICIA

- ***O Consello da Xunta deu o visto e praxe a unha norma que regula os aproveitamentos forestais madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes de xestión privada da nosa comunidade***
- ***A nova disposición, que entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no DOG, supón un importante desenvolvemento da Lei de montes e regula a autorización única para os aproveitamentos pola Consellería do Medio Rural***
- ***Acúrtase ata un máximo de dous meses a tramitación e ampliáanse os supostos de declaración responsable, que permite realizar o aproveitamento desde o momento da súa presentación***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regulan os aproveitamentos forestais madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes de xestión privada de Galicia. A norma publicarase agora no Diario Oficial de Galicia (DOG) e entrará en vigor aos vinte días da súa publicación. Este decreto beneficiará os titulares tanto dos terreos como dos aproveitamentos forestais, xa que redundará nunha simplificación dos trámites e nunha axilización e redución dos prazos, proporcionando maior seguridade xurídica aos cidadáns.

Por outra banda, cómpre destacar que tamén se regula por primeira vez o aproveitamento de resina, que está tendo nos últimos anos un forte pulo e que está moi ligado á fixación de poboación no rural. Ao tratarse dun aproveitamento en constante evolución, facilita tamén as accións de formación e investigación.

Este decreto supón un importante desenvolvemento da Lei de montes de Galicia e regula a autorización única para os aproveitamentos. Desta forma, será a Consellería do Medio Rural a que solicite e valore os informes preceptivos dos distintos organismos da Xunta, emitindo unha única autorización, nun prazo máximo de dous meses, con silencio positivo.

Xanela única

Así mesmo, este réxime esténdese a outras administracións, sempre que exista convenio con elas. Actualmente a Confederación Hidrográfica Miño-Sil ten subscrito un acordo que permite ao administrado realizar só o trámite coa Xunta de Galicia e obter autorización deste organismo estatal. Estase a traballar, ademais, na sinatura de novos convenios con outros organismos, con esta mesma finalidade. Isto funcionará, na práctica, como unha “xanela única” para os cidadáns, que non terán que multiplicar trámites e papellame con diferentes administracións para xestionar os aproveitamentos.

Desta forma, coa norma aprobada hoxe consolídase a declaración responsable como réxime de intervención administrativa principal, un trámite que habilita para realizar o aproveitamento desde o mesmo momento da súa presentación, de xeito inmediato.

Ademais, este decreto desenvolve regulamentariamente dita tramitación mediante declaración responsable de aproveitamentos antes suxeitos a autorización administrativa, ao abeiro da aprobación de pregos coas condicións sectoriais polas consellerías competentes. Amplíanse así os supostos de declaración responsable, o que se estima que permitirá a presentación dunhas 15.000 declaracións responsables que antes debían tramitarse como autorización.

Un elemento importante na simplificación administrativa das cortas é a información xeolocalizada que, conforme á Lei de montes de Galicia, elaboraron as distintas consellerías con competencias sectoriais, para facilitar que se coñeza cando os montes ou terreos forestais forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección ou cando están afectados por algunha lexislación de protección do dominio público, a prol da preservación dos seus valores culturais, naturais e paisaxísticos. Esta información pode consultarse no visor xa operativo, na seguinte dirección web: <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>.

A maiores, mediante este decreto dáse cumprimento ás medidas forestais do ditame da Comisión especial do Parlamento galego no que atinxe á simplificación normativa, á concordancia entre a lexislación española e galega e ao impulso do desenvolvemento regulamentario da Lei de montes de Galicia, entre outros aspectos.

Toma de decisións

A nova norma integra plenamente os aproveitamentos forestais no Sistema de Información e Estatística Forestal de Galicia, como mecanismo que permita facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector forestal, unha medida tamén incluída no devandito ditame. Así, o decreto recolle este mandato e simplifica e axiliza o trámite dos máis de 100.000 expedientes que cada ano se xestionan en Galicia. Deles, arredor dun 60% son declaracións responsables e o resto solicitudes de autorización. Respecto da legalidade da madeira, a norma simplifica o procedemento para facer constar a cantidade verdadeiramente aproveitada, facilitando a obtención de datos fiables dos aproveitamentos madeireiros e permitindo aos operadores obter a acreditación do seu sistema de dilixencia debida individual.

De xeito paralelo á tramitación deste decreto, estase traballando tamén no desenvolvemento de dúas novas aplicacións informáticas para a xestión dos procedementos recollidos nel. Por un lado, a chamada Corweb (que estará dentro da Sede Electrónica da Xunta) e coa que o administrado poderá, nunha contorna progresiva e amigable, facer a súa solicitude. Por outra banda, a denominada Corpri, que permitirá ao persoal da Xunta tramitar os expedientes internamente, con control total e sen empregar papel en todo o proceso.

A XUNTA ESTENDE AO MES DE MAIO O PAGO DA MENSUALIDADE COMPLETA DO ALUGUEIRO AOS BENEFICIARIOS DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

- ***Esta medida que xa foi aplicada no mes de abril beneficia a preto de 700 familias que na actualidade teñen concedido o bono***
- ***Beneficiaranse tanto os adxudicatarios do Bono de Alugueiro Social como os do Bono destinado a vítimas de violencia de xénero***
- ***Con carácter ordinario o bono cubre o 50 por cento do importe máximo do alugueiro, pero en maio –ao igual que en abril- o importe será do 100 por cento do recibo para paliar as consecuencias derivadas da crise do Covid-19***

Como xa se adoptou no mes de abril, no próximo mes de maio a Xunta cubrirá o 100 por cento do custo do alugueiro da vivenda para os beneficiarios que actualmente están a recibir o Bono de Alugueiro Social. Esta medida, acordada na reunión do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), foi refrendada hoxe polo Consello da Xunta, co fin de achegar solucións extraordinarias a actual situación de emerxencia derivada da pandemia do Covid-19.

A medida aplicarase tanto aos beneficiarios do Bono de Alugueiro Social como aos beneficiarios do Bono destinado a vítimas de violencia de xénero, que actualmente teñen concedido preto de 700 familias pertencentes a colectivos desfavorecidos como desafiuzados por impago do alugueiro ou da hipoteca, afectados por incendios e inundacións, familias en situación de emerxencia social, etc.

O importe do Bono de Alugueiro Social é de 225, 200 ou 175 euros, segundo o concello no que se emprace a vivenda, o que supón aproximadamente o 50 por cento do importe máximo do alugueiro que poden pagar os beneficiarios. Coa medida adoptada pola Xunta de Galicia, o Bono no mes de maio será o 100 por cento do recibo mensual do alugueiro, cuxo importe global achégase case aos 200.000 euros.

En abril, a Xunta decidiu asumir o pago do recibo completo do alugueiro aos beneficiarios do mesmo, aboando en total preto de 196.791 euros, dos que 114.570 corresponden á subvención ordinaria e 82.191 ao pago extraordinario para acadar o importe completo do alugueiro mensual.

Alugueiro de VPP

Esta medida súmase á decisión adoptada polo IGVS o pasado 20 de marzo de suspender o cobro do alugueiro das vivendas de promoción pública da súa propiedade mentres dure o estado de alarma, que tamén foi adoptada pola empresa pública Xestur para as vivendas da súa propiedade.

O IGVS e Xestur non xiraron os recibos de abril das preto de 3.500 vivendas da súa propiedade adxudicadas en réxime de alugueiro, unha decisión que permitiu dar de baixa temporal as domiciliacións bancarias dos mesmos. A medida aplícase tamén aos locais comerciais propiedade do IGVS alugados a asociacións e particulares.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por outra parte, o IGVS publicou o pasado 8 de abril a convocatoria do Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero, dotado con 2,05 millóns de euros que se suman ao millón de euros do Bono de alugueiro social ordinario, cuxa convocatoria se publicou o pasado mes de febreiro.



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

AUTORIZADA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA PRIMEIRA FASE DO GRAN MONTECELO, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 115 MILLÓNS DE EUROS

- ***Este hospital disporá de 120 camas máis que a infraestrutura actual; aumentarase nun 92% o número de salas e postos de urxencias; e sumaranse un 49% máis de postos no hospital de día, que pasarán de 109 a 162***

O Consello da Xunta autorizou a licitación das obras da primeira fase do Gran Montecelo, en Pontevedra, cun investimento de preto de 115 millóns de euros.

As obras desta primeira fase comezarán este mesmo ano e o novo inmoble estará unido ao resto das instalacións do hospital Montecelo. Nel centralizaranse servizos como a área de urxencias, a unidade de coidados intensivos, a hospitalización con ingreso e as especialidades de maior complexidade. No caso da unidade de coidados intensivos, incrementarase nun 36%, pasando do 20 a 35 camas.

Pola súa banda, a atención ambulatoria prestarase nas instalacións actuais do Montecelo, aproveitando os investimentos realizados nos últimos anos, para adecualas aos servizos de cirurxía maior ambulatoria, cirurxía de curta estancia, a un hospital de día e a diversas consultas. E as urxencias concentraranse todas no novo edificio, cunha única porta de Urxencias.

Grazas a esta actuación, o Gran Montecelo disporá de 120 camas máis que a infraestrutura actual –e preto do 60% dos cuartos serán individuais-; aumentarase nun 92% o número de salas e postos de urxencias; e sumaranse un 49% máis de postos no hospital de día, que pasarán de 109 a 162.

Así mesmo, haberá salas de xogos, biblioteca, escola e cine na área de pediatría; a carteira de servizos experimentará un impulso importante cunha nova UCI pediátrica e cunha nova unidade de traballo, parto e recuperación do bloque obstétrico. E tamén haberá unha nova área de medicina nuclear, ademais de crearse un espazo único para as unidades de endoscopia multidisciplinar e diagnóstico biolóxico.

Na actualidade, na área de Pontevedra estase dando asistencia sanitaria hospitalaria a máis de 300.000 habitantes de 26 concellos que terán un novo hospital para os próximos 50 anos.

Esta obra foi definida polos propios profesionais do Sergas, con achegas de 300 traballadores, tras 120 reunións e 2.400 enquisas.

Cómpre salientar que, logo desta primeira fase, levarase a cabo unha segunda que consistirá na reforma da actual edificación, cun investimento de 25 millóns de euros. Deste xeito, coas obras de ampliación e reforma, que suporán un investimento total de 140 millóns, o Gran Montecelo ampliará a súa capacidade contando cun 50% máis de superficie –de 79.500 a 118.000 metros cadrados-.

Na seguintes imaxes amósanse as infografíaas do Gran Montecelo:

Vista xeral do hospital:



Zona de acollida e
acceso:



SANIDADE REPARTIRÁ MÁSCARAS CIRÚRXCAS ENTRE OS PENSIONISTAS CON RENDAS INFERIORES A 18.000 EUROS

- ***Esta iniciativa conta cun orzamento de 952.187 euros e beneficiará a 718.562 persoas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo para a distribución de máscaras cirúrxicas entre os pensionistas con rendas inferiores a 18.000 euros ao ano e perceptores de rendas mínimas de inserción e parados sen prestación de desemprego entre outros colectivos. Así, vanse distribuír preto de 2,2 millóns de máscaras cirúrxicas, distribuídas en 719.000 paquetes, no marco desta iniciativa que conta cun orzamento de 952.187 euros.

O reparto de tres máscaras de xeito gratuíto nas oficinas de farmacia para aquelas persoas que aporten na tarxeta sanitaria o 0% e o 10%, contribuirá á protección das persoas con maior vulnerabilidade aos efectos do COVID-19 e permitirá que poidan dispoñer de máscaras cirúrxicas para cando se inicie o desconfinamento. Esta iniciativa beneficiará a 718.562 persoas.

Para levar a cabo esta acción, a Xunta de Galicia conta coa colaboración dos Colexios Farmacéuticos de Galicia .

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 8,2 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE DE 13 ENTIDADES SOCIAIS

- ***Garante o servizo que ofrecen estas organizacións a 94.000 persoas e as súas familias por toda a comunidade***
- ***Todas elas contarán cun anticipo do 80% do importe da axuda, para que xa desde o primeiro momento contén coa liquidez suficiente para realizar o seu labor***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura de 13 convenios con outras tantas entidades de atención á discapacidade física e intelectual ás que se lle destina un importe de máis de 8,2 millóns de euros, isto é, case o dobre do que se lles achegou o pasado ano, que recibiron 4,2 millóns de euros.

De igual forma que en 2019, todas elas contarán cun anticipo do 80% do importe da subvención para que xa desde o primeiro momento contén coa liquidez suficiente para seguir realizando o seu labor.

Entre as entidades que recibiran esta achega autonómica están as seguintes federacións: a de persoas xordas (Faxpg), a que integran as asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (Fademga-Plena Inclusión), as que se ocupan da atención á persoas con enfermidades mentais (Feafes), con doenzas raras e crónicas (Fegerec), con Alzheimer (Fagal), con dano cerebral (Fegadace) e con parálise cerebral e patoloxías afíns (Aspace).

Tamén se beneficiarán destas subvencións as organizacións Special Olympics, a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), Down Galicia, Autismo Galicia, a Asociación de Parapléxicos e de Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym) e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).

A través dos convenios hoxe autorizados, a Xunta garante a continuidade do servizo que estas entidades prestan a 94.000 persoas e ás súas familias por toda a xeografía galega, un 18% máis que o ano pasado.

Galicia destina nos orzamentos unha partida de 115 millóns de euros a este eido, un 77% máis que o que se investía hai unha década. Grazas a este importe, na actualidade xa se superan as 5.400 prazas públicas de atención á discapacidade, un 25% máis que en 2009.

A XUNTA DARÁ CONTINUIDADE AO 100% DE CONVENIOS E SUBVENCÍONS QUE ESTABAN EN EXECUCIÓN

- ***Son 346 procedementos, que supoñen un investimento que supera os 332 millóns de euros***
- ***Ademais, o Consello da Xunta tamén considerou esenciais outras 461 actuacións, cun orzamento de preto de 388 millóns de euros***
- ***Así, en total, a Xunta continuará 807 convocatorias de subvencións e convenios, por un importe de case 721 millóns de euros***
- ***A Administración autonómica toma esta medida, ao igual que fixo coa continuación das obras públicas e dos contratos de servizos e subministración, para manter o funcionamento dos servizos públicos dentro das restricións vixentes e prepararse para cando se levanten as limitacións***

O Consello da Xunta acordou hoxe dar continuidade ao 100% dos convenios e convocatorias de subvencións que estaban en execución antes da declaración do estado de alarma. En total, supoñen 346 procedementos, cun importe que supera os 332 millóns de euros. Ademais, tamén se acordou dar a consideración de esencial a outras 461 convocatorias e convenios que estaban publicadas ou pendentes de publicación e que suman preto de 388 millóns de euros.

Así se decidiu tras coñecer un informe no que se daba conta da totalidade de convenios e convocatorias previstas polos distintos departamentos da Xunta para este ano. En total, a decisión de hoxe do Consello da Xunta supón a continuación de 807 actuacións, por un importe de case 721 millóns de euros. Isto é, continuaranse con máis do 82% das actuacións previstas para este ano, o que suporá, á súa vez, máis do 92% do orzamento previsto para estes conceptos nesta anualidade.

Esta medida vén a complementar as tomadas en semanas anteriores, nas que se aprobou a continuidade de máis de 500 obras públicas —das que ao redor de 400 estaban en execución e xa foron retomando os seus traballos desde a semana pasada— e de máis de 1.100 contratos de servizos e subministración.

Cómpre lembrar que a declaración do Estado de Alarma supuxo a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, pero prevía a posibilidade de que os órganos competentes puideran acordar, mediante resolución motivada, as medidas necesarias para evitar prexuízos graves. Así, o Consello da Xunta considerou hoxe que en todos os procedementos que estaban en execución concorre causa de xustificación para a súa continuidade, mentres que no caso dos restantes que tamén se reactivan considérase que tamén son indispensables para a protección do interese xeral e para o correcto funcionamento dos servizos públicos.

Ademais, cómpre ter en conta que a Xunta tamén tomou as medidas necesarias para impulsar a tramitación interna de inicio, impulso, ordenación e instrución necesarias de todos os expedientes de contratación e convocatorias de subvencións, en tanto tamén resulta de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

interese xeral continuar con estes procedementos no caso de que posteriormente sexan considerados esenciais polo Consello da Xunta e/ou para evitar acumulacións de traballo cando se levanten as restricións.

Así, con todas estas medidas, a Xunta está a emprender as accións necesarias para manter a actividade da Administración autonómica durante as restricións do Estado de Alarma pola epidemia do coronavirus co obxectivo de conseguir un correcto funcionamento dos servizos esenciais e estar en condicións de retomar a actividade coa maior axilidade posible en canto se levanten as limitacións actuais.

A XUNTA DISTRIBÚE PRETO DE 400 DISPOSITIVOS MÓBILES EN RESIDENCIAS DE MAIORES, PERSOAS CON DISCAPACIDADE E CENTROS DE MENORES

- ***Son móbiles e tabletas doadas polas Fundacións Orange e Profuturo e o Grupo Cenor Electrodomésticos para facilitar a comunicación dos residentes coas súas familias***
- ***Ademais, a Xunta dotou de rede wifi e distribuíu unha trintena de portátiles nos cinco centros públicos de menores dependentes da Administración autonómica para facilitar o seguimento da actividade educativa***

A Consellería de Política Social e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) iniciaron esta semana o reparto de 395 dispositivos móbiles en medio cento de centros residenciais de servizos sociais (como residencias de maiores, de persoas con discapacidade ou centros de menores) para facilitarlles aos residentes a comunicación coas súas familias, a través de videoconferencia.

Do total de dispositivos, 110 son teléfonos móbiles doados pola Fundación Orange, que ademais contan con liña de datos gratuíta mentres dure o período de alarma. Estes dispositivos distribuiranse entre 22 residencias de maiores e centros de persoas con discapacidade, en función do número de residentes de cada centro.

Outros 135 móbiles foron doados polo Grupo Cenor Electrodomésticos e estanse a destinar tanto ás residencias de maiores que contan con rede wifi como aos centros de menores de iniciativa social.

Os 150 dispositivos restantes son tabletas, doadas pola Fundación Profuturo, que ese empregarán para proporcionar o mesmo servizo en 32 centros da Consellería de Política Social que xa contan con rede wifi.

Ademais, dotouse de rede wifi aos cinco centros de menores dependentes da Consellería de Política Social e distribuíronse 30 equipos ultraportátiles, idénticos aos empregados nos centros educativos públicos, para facilitar que as rapazas e rapaces poidan seguir a actividade lectiva durante o confinamento.

A XUNTA DECLARA COMO ESENCIAIS VARIOS PROCEDEMENTOS URBANÍSTICOS PARA CONTINUAR COA SÚA TRAMITACIÓN E REACTIVAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA

- *Trátase de procedementos administrativos, emisión de informes e concesión de permisos e licencias que permitan iniciar o traballo produtivo e mitigar o impacto social e económico derivado da crise sanitaria do Covid-19*
- *Este acordo permitirá avanzar na tramitación dos plans xerais de Vigo, Cospeito, Portas e Baños de Molgas; dos Plan básicos municipais de oito concellos; e dos Plans sectoriais da Etea de Vigo*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado da proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para declarar determinados procedementos urbanísticos como esenciais, co fin de continuar traballando na súa tramitación e, consecuentemente, reactivar a actividade económica ligada a ditos proxectos, xa que moitas actividades produtivas precisan, para o seu inicio ou continuidade, a tramitación de diferentes expedientes administrativos que teñen por finalidade a obtención dun permiso, autorización ou licenza.

Cómpre lembrar que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o Estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, regula a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Non obstante, tamén recoñece que as entidades do sector público poderán acordar a continuación dos procedementos administrativos que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Nese sentido, e de acordo co establecido polo Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), o departamento que dirixe Ángeles Vázquez propón que as administracións públicas reactiven a tramitación de expedientes administrativos, emisión de informes e concesión de permisos e licencias. Con esta decisión estanse a establecer un medio necesario para a reactivación progresiva da actividade económica, facilitando proactivamente a recuperación económica co fin de mitigar o impacto social e económico da crise sanitaria e, polo tanto, de distorsionar o mínimo posible a economía.

Este acordo refírese á tramitación de instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio, así como aos proxectos públicos que se tramitan ao abeiro da Lei 3/2016 e ao outorgamento das autorizacións autonómicas.

Así, este acordo permitirá seguir avanzado na tramitación de instrumentos de planeamento urbanístico como: o Plan xeral de ordenación municipal dos concellos de Vigo, Cospeito, Portas e Baños de Molgas; e dos Plan básicos municipais de San Xoán de Río, Trabada, Triacastela, O Páramo, Porqueira, Riotorto, Padrenda, Cartelle e Ribeira de Piquín. Tamén

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

os instrumentos de ordenación do territorio como: os distintos Plans sectoriais da Etea de Vigo e do Plan de ordenación do medio físico de San Fiz de Asma en Chantada.

A Consellería de Medio Ambiente entende que concorren as circunstancias (razóns de interese xeral ou público e contribuír a facilitar a reactivación progresiva da actividade económica) que xustifican a adopción dun acordo de levantamento expreso da suspensión dos mesmos e a continuación da súa tramitación, ao dispoñer tamén dos medios persoais e técnicos axeitados para poder seguir desenvolvendo con relativa normalidade.

En relación cos procedementos relativos ao outorgamento das autorizacións autonómicas, tanto no ámbito do solo rústico (vivendas vinculadas a explotacións agropecuarias e primeira transformación de produtos do sector primario), como na servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (obras e actividades), así como a tramitación das declaracións responsables (obras en servidume de protección), deben ter esa mesma consideración. No caso dos expedientes promovidos polas administracións públicas, estas deben exercer as súas competencias na prestación dos servizos públicos; mentres que, no caso dos expedientes promovidos polos particulares, a finalidade é a execución de obras que contribúen á reactivación económica, polo que debe evitarse que sexan prexudicados por unha paralización administrativa.

A NOVA LIÑA DE APOIOS DA XUNTA PERMITIRÁ A PARTIR DA PRÓXIMA SEMANA AOS TRABALLADORES ACOLLIDOS A ERTES RECIBIR ANTICIPOS MENTRES O GOBERNO CENTRAL NON ABOA AS PRESTACIÓNS

- ***A iniciativa, acordada coas entidades financeiras, permitirá a cada traballador cobrar ata 1500 euros, cun tope mensual de 750 euros***
- ***Os adiantos de crédito ás familias estarán libres de xuros***
- ***Esta decisión adoptouse despois de solicitar de maneira reiterada á Administración central que axilizase o pagamento das prestacións a medida que se resolven os ertes en Galicia***
- ***A Xunta está tramitando en prazo todos os expedientes de regulación temporal de emprego: leva resoltos 32.000, nove de cada dez solicitudes presentadas***

O Consello da Xunta avanzou hoxe na nova liña de apoios que vai activar para que cada traballador galego acollido a un expediente de regulación temporal de emprego (Erte) autorizado e que aínda non cobrara as prestacións por desemprego do Goberno central poida recibir de forma inmediata un anticipo de 1500 euros, cun tope mensual de 750. O convenio, acordado coas entidades financeiras, permitirá aos empregados solicitar a partir da próxima semana un adianto ata que a Administración estatal realice os pagos correspondentes.

Así, poderán ser beneficiarios desta nova liña as persoas que presten os seus servizos laborais en Galicia, que están incluídas en Erte aprobados como consecuencia da crise económica provocada polo Covid-19 e que aínda non recibiron as prestacións que lle corresponden por parte do Goberno. Os adiantos estarán libres de xuros.

As contías dos anticipos estableceranse en función das mensualidades que cada empregado teña pendente de cobro e poderán chegar ata 750 euros ao mes, no caso de persoas con contratos a xornada completa e afección do Erte ao 100% da xornada. Se o contrato fose a tempo parcial ou o Erte afectase só a unha parte da xornada, o adianto reducirase proporcionalmente. Deste xeito, poderán facilitarse dous períodos de prestacións por persoa traballadora, ata o tope de 1500 euros.

A día de hoxe, preto de 225.000 traballadores afectados por este tipo de expedientes, que actualmente suman máis de 35.000. A Xunta está resolvendo en prazo as solicitudes. De feito, leva resoltos xa máis de 32.000 expedientes, o que supón máis do 90% do total.

A Xunta de Galicia decidiu tomar esta decisión tras levar semanas preguntando sen éxito ao Goberno cantos traballadores, con Erte autorizado, se quedaron sen cobrar as súas prestacións do mes de marzo, e tras solicitar de maneira reiterada que axilice o pago ás familias, aprobándoo a medida que a autoridade laboral –competencia autonómica– dá o seu visto e praxe ao expediente.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Esta medida, destinada a mellorar a liquidez dos traballadores e traballadoras galegos, súmase á liña de préstamos activada pola Xunta para contribuír a garantir a liquidez do tecido produtivo; unha iniciativa á que ata agora autónomos e pemes levan presentado máis de 2200 solicitudes que poden chegar a mobilizar 158 millóns de euros. O Goberno autonómico faise cargo dos xuros da operación e xa está comezando a autorizar as primeiras operacións aprobadas polas Sociedades de Garantía Recíproca e as entidades financeiras.

SANIDADE INVISTE PRETO DOUTRO MILLÓN DE EUROS PARA A CONTRATACIÓN DE MÁIS EQUIPAMENTO CO QUE AFRONTAR A CRISE SANITARIA DO CORONAVIRUS

- ***Esta compra inclúe ventiladores volumétricos, equipos de ventilación non invasiva, ecógrafos, monitores de pulsioximetría e presión arterial, mesas de noite con atril, somieres articulados eléctricos ou colchóns hospitalarios***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén aprobar, polo trámite de emerxencia, a ampliación da subministración do Plan de dotación de equipamento para afrontar o Covid-19, por un importe de 931.318 euros. Este investimento, de preto dun millón de euros, inclúe 6 ventiladores volumétricos, 7 equipos de ventilación non invasiva, 13 ecógrafos, 545 mesas de noite con atril, 20 monitores de pulsioximetría e presión arterial, así como 69 somieres articulados eléctricos, 69 colchóns hospitalarios e 69 almofadas.

A Consellería de Sanidade subliña que os protocolos para enfrontarse ao Covid contemplan, entre outras medidas, facer provisión de materiais e recursos necesarios nestes momentos en que as unidades de hospitalización están a ocupar os xa existentes, para estendelos a outras áreas hospitalarias e incluso fóra dos hospitais do Sergas.

Así, aínda que, actualmente a expansión do virus foise atenuando, os expertos indican que é previsible un rebrote no próximo outono, e, como xa é coñecido, esta enfermidade fai que un número importante de pacientes acaben presentando cadros respiratorios agudos, o que implica o seu ingreso na UCI con ventilación mecánica, e que, se as capacidades destas unidades se superaran, se teña que monitorizar e equipar outras áreas que teñen que suplir esta función, como son as REA, as unidades de coidados intermedios, ou outros lugares que cumpran estas funcións.

Así mesmo, é necesario remarcar que a definición do equipamento necesario foi decidida polo Comité de expertos no seguimento do coronavirus, onde están presentes a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, así como Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias, quen consensuaron indicar o material necesario para facer fronte a esta epidemia. Estas necesidades reavalíanse conforme vai avanzando a situación.

Así, o obxecto desta iniciativa é efectuar a cuarta compra do equipamento considerado imprescindible para facer fronte á pandemia do Covid-19, tal como ventiladores volumétricos, equipos de ventilación non invasiva, ecógrafos, mesas de noite con atril, monitores de pulsioximetría e presión arterial, así como somieres articulados eléctricos, colchóns hospitalarios e almofadas, logo das compras autorizadas anteriormente polo Consello da Xunta por importes de 1,8 millóns de euros, 1,2 millóns de euros e 2,3 millóns de euros.

SANIDADE INVISTE OUTROS PRETO DE TRES MILLÓNS DE EUROS PARA MERCAR MATERIAIS FRONTE AO COVID-19 DESTINADOS A PROFESIONAIS E DOENTES ASÍ COMO TEST DE DETECCIÓN DO VIRUS

O Consello da Xunta vén de aprobar a contratación, polo trámite de emerxencia, de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes, así como test de detección do virus, para facer fronte ao Covid-19, por un importe total de 2.981.761 euros.

Este expediente é a quinta compra de materiais considerados imprescindibles, tales como os equipos de protección individual (máscaras respiratorias, luvas, batas de alta protección), solucións desinfectantes, máscaras cirúrxicas, medios de transporte do virus e test rápidos para detección do virus; logo das compras de semanas anteriores por importes de 3,4 millóns; por 8,2 millóns; 5,1 millóns; e 6,7 millóns de euros.

En concreto, mércanse 50.000 unidades de máscaras FFP2, 150.000 unidades de batas protectoras dun so uso; 3.000.000 de máscaras cirúrxicas, 29.176 envases de solucións desinfectantes de 500 ml, 1L e 5L) 2.588.600 pares de luvas, 69.000 unidades de medio de transporte para virus, 640 garrafas de 5L de desinfectante de superficies; 14.000 unidades de test de detección rápida de virus, ademais de outro material de laboratorio e de protección.

Sanidade subliña que os protocolos de actuación para a protección dos profesionais nesta crise sanitaria establecen a necesidade de que estes, para determinadas intervencións, usen equipos de protección individual, tales como batas de alta protección, máscaras respiratorias FFP2 e luvas de examen, entre outro material, para os pacientes con probable ou patoloxía confirmada.

Ademais, cos test rápidos para detección do virus poderase mellorar o cribado na poboación e limitar os ensaios de PCR a aqueles pacientes que, con sintomatoloxía, den un resultado negativo mediante os test rápidos.